

# Orientacións para o profesorado

## INTRODUCCIÓN

Esta proposta céntrase no tema da alimentación, a saúde e a educación como necesidades básicas ás cales millóns de persoas no mundo non teñen acceso. Pártese de dúas ideas clave. A primeira é que tódalas persoas temos dereito a ter cubertas estas necesidades e a segunda é que, aínda que sexa un dereito universal, a distribución inxusta dos recursos impide o cumprimento destes.

## OBXECTIVOS

Descubrir que, aínda que todos e todas deberíamos poder gozar duns dereitos fundamentais, en moitos países, estes dereitos non se cumpren.

Comprende-la importancia de poder exercer-lo dereito a unha saúde, unha educación e unha alimentación axeitadas e as consecuencias negativas para as persoas do incumprimento destes dereitos.

Defende-la necesidade de que unha saúde e unha educación axeitadas e unha alimentación suficiente sexan unha realidade en todo o mundo.

## CONTIDOS

### Actitudes, valores e normas

A valoración dos Dereitos Humanos.

O coñecemento, a valoración, a empatía e o respecto a realidades diferentes á propia.

O fomento da solidariedade e a xustiza social.

O interese en participar nas tarefas que se propoñen.

### Conceptos

Os dereitos básicos das persoas.

O incumprimento dos dereitos básicos das persoas.

### Procedementos

Obtención de información a partir de diferentes medios.

Expresión oral e escrita.

Novas tecnoloxías.

**TEMPORALIZACIÓN:** 4 sesións clase.

---

## ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

### CHATEEMOS SOBRE OS DEREITOS HUMANOS

**Obxectivos:** Achega-lo alumnado ó tema dos Dereitos Humanos a través do personaxe. Recoñece-los Dereitos Humanos como fundamentais para a vida das persoas. Ser conscientes do incumprimento do art. 26 da DUDH. Recoñece-la educación como unha ferramenta básica para a erradicación da pobreza.

**Descrición:** A partir dun caso concreto, indágase sobre a situación da educación no mundo. Simúlase un chat entre nenos e nenas dunha escola do noso país con Xosé, o protagonista da historia.

**Orientacións:** A partir da pregunta que Xosé formula procédese a unha choiva de ideas sobre a necesidade de que tódalas persoas teñan acceso á educación. Convén ir escribindo no taboleiro as distintas ideas e diferenciar entre razóns persoais e colectivas. Despois escóllense as principais entre toda a clase e con elas pódese elabora-lo redactado que todos deben copiar no caderno para simula-lo envío da resposta.

---

---

## OS NÚMEROS CANTAN

**Obxectivo:** Constatar a través das cifras as diferencias entre os países pobres e os ricos no referente ós dereitos á saúde e á educación.

**Descrición:** A partir dunhas gráficas de diferentes porcentaxes en tres países (España, Mozambique e Albania), o alumnado debe realizar algunhas operacións matemáticas que lle van permitir contesta-las cuestións que se formulan máis adiante.

**Orientacións:** As operacións matemáticas, así como a reflexión e a resposta ás preguntas, preséntanse individualmente ou en pequenos grupos. Despois procédese a poñelos en común.

---

## IMOS ENVIAR UN E-MAIL ÁS NACIÓNS UNIDAS

**Obxectivos:** Contrastar certas situacións de inxustiza que se dan na realidade co que proclaman algúns artigos da DUDH. Potenciar no alumnado actitudes críticas perante a situación de inxustiza que viven millóns de persoas no mundo.

**Descrición:** A partir da lectura dos datos que se presentan e do comentario colectivo, o alumnado deberá reflexionar sobre as posibles solucións para loitar contra estas situacións de inxustiza.

**Orientacións:** Para o envío do correo electrónico, cómpre facilitarlle ó alumnado o enderezo electrónico das NN.UU. A criterio do profesor, pódenselle facilitar tamén outros enderezos de autoridades, organismos ou organizacións para que –no seu caso– se lles poida manda-lo mesmo e-mail.

---

## HISTORIA DE ELAYÁN

**Obxectivos:** Coñece-lo incumprimento do artigo 25 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos no referente á saúde e ó benestar. Recoñece-la importancia da saúde e a alimentación para que as persoas poidan ter unha vida digna.

**Descrición:** A partir do chat, Elayán preséntase e dá a coñece-la súa situación. Se se parte da lectura, pídeselle ó alumnado a súa contestación. A pregunta fórmúlaa o personaxe.

**Orientacións:** Para responde-la pregunta escríbense no taboleiro as distintas ideas sobre a necesidade de que tódalas persoas teñan acceso ós dereitos universais. Finalmente, selecciónanse as máis importantes e procédese colectivamente a un redactado que os alumnos e alumnas deben copiar no caderno.

---

## ¡ENTRE TODOS E TODAS PODEMOS CONSEGUILO!

**Obxectivo:** Reflexionar sobre os mitos da fame na terra. Coñece-lo incumprimento do artigo 25 da Declaración Universal dos Dereitos Humanos no que se refire á alimentación.

**Descrición:** A partir dunha nova mensaxe do chat proporciónaselle ó alumnado información sobre o incumprimento do dereito á alimentación. Así mesmo, preséntase unha actividade de reflexión e un exercicio de relación. Con todo isto preténdese que os alumnos e alumnas coñezan e reflexionen sobre algunhas das afirmacións que habitualmente se empregan para xustifica-la fame no mundo.

**Orientacións:** Procederese á lectura individual das informacións para, posteriormente e en pequenos grupos, resolve-lo exercicio de relación que segue. Cada grupo exporá as súas conclusións e, entre toda a clase, analizaranse as opinións e os argumentos dados.

---

## ¿QUE É O MÁIS IMPORTANTE?

**Obxectivo:** Descubrir que a alimentación, a saúde e a educación son imprescindibles fronte a outras necesidades sociais.

**Descrición:** Trátase dunha actividade de resumo que aglutina o que o alumnado traballou ó longo do monográfico. Os alumnos e alumnas deben aprender a tomar posicións e a ir adquirindo criterios sobre as prioridades con respecto ás necesidades básicas. Trátase de ordena-los cinco puntos que se lles propoñen de maior a menor importancia.

**Orientacións:** Esta actividade pensouse para a reflexión individual. Unha vez resolto o exercicio de forma individual, procederese a poñelo en común.

---

## ¿VERDADEIRO OU FALSO?

**Obxectivo:** Sintetiza-lo que se traballou ó longo do monográfico.

**Descrición:** Proporciónaselles ós alumnos e alumnas unha lista de oito afirmacións que debe catalogar como verdadeiras ou falsas.

**Orientacións:** Esta actividade vai permitir apreza-lo que o alumnado interiorizou do que traballou e, ó mesmo tempo, vai permitir percibi-los seus progresos no referente ó xuízo crítico. Como na actividade anterior, a reflexión individual vai seguida de discusión e resolución do exercicio en pequenos grupos e dunha presentación en común xeral.

---

## ¿QUE APRENDEMOS NESTE CHATEO?

**Obxectivo:** Reflexionar e potenciar actitudes de implicación persoal.

**Descrición:** Consiste en achegar posibles accións individuais ou como grupo clase que poden axudar a mellorar ou elimina-las condicións de vida indignas de millóns de persoas. Recoménsdase efectua-la actividade en pequenos grupos.

**Orientacións:** Deberíase incidir na importancia da actitude persoal e na súa capacidade de influír no ámbito colectivo (exposición de ideas, escritos, voluntariado, etc.)

---

2º Ciclo de Primaria

# DEREITOS HUMANOS



Autor: Jordi Viñes



# Chateemos sobre os Dereitos Humanos

**Artigo 26:**  
**Toda persoa ten dereito á educación. A educación debe ser gratuíta. A instrución elemental será obrigatoria...**





**¿Por que é necesario que se cumpra este Dereito Humano Universal que consiste en estar escolarizado?**



# Os números cantan

Compara estas gráficas e responde as preguntas



En que país hai máis persoas que saben ler e escribir, ¿en España ou en Mozambique?

¿Cantas persoas analfabetas hai máis en Mozambique que en España?


¿Cantos médicos habería en España se só vivisen 1.000 persoas?

¿Cantos médicos habería en Albania se só vivisen 1.000 persoas?

Imos enviar  
un e-mail ás  
Nacións Unidas

[un@un.org](mailto:un@un.org)

**Pola educación  
universal**



## Sabías que...

A educación para tódolos nenos e nenas implicaría aumentar en 8.000 millóns de dólares USA o investimento educativo mundial. Esta cantidade equivale a:

- Os gastos militares de catro días en todo o mundo.
- O equivalente ó que o Goberno español gastou en defensa en 1.996.
- Menos do que gastan cada ano os europeos en xeados.
- O que madrileños e cataláns gastaron en 1996 en xogos de azar.
- A metade do que Europa e EE UU gastan en alimenta-los seus animais domésticos.

# Historia de Elayán

## Artigo 25:

**Toda persoa ten dereito a un nivel de vida axeitado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar**

A screenshot of a Microsoft Internet Explorer browser window. The address bar shows the URL 'http://www.intermon.org/'. The page content includes the 'Intermón Oxfam' logo, a navigation menu with items like 'Campañas', 'Proyectos', and 'Estudios', and a main text area. The text in the main area is in Spanish and discusses the author's situation in Pune, India, and their concerns about healthcare access. The browser interface includes a menu bar, toolbar, and status bar at the bottom.

**chatea.com**

Ola, eu son Elayán e lin a mensaxe de Xosé e a vosa resposta. Como estades chateando sobre Dereitos Humanos, eu quixera falarvos do meu caso. Son unha nena de 10 anos e vivo nun barrio de Pune, unha cidade da India. Na miña casa non temos auga, témola que ir buscar á billa do pozo da praza. Moitas veces sae un pouco toldada, pero non temos outra. Sérvenos para beber, cocíñar e lavarnos. Como no barrio non hai ningún hospital, un día púxenme moi enferma, con diarreas, e tiveron que camiñar 5 km ata o centro da cidade coa miña nai. Alí tivemos que facer unha longa cola, pois o médico que lle corresponde ó barrio ten que atender 10.000 persoas que somos. Receitounme uns medicamentos, pero como na casa non temos cartos, non nos puideron comprar.

Os maiores do meu barrio xa levan tempo esixíndolles ós políticos que nos constrúan un hospital e tamén sumidoiros, xa que por esta razón inféctase o pozo. Pero eles din que o Goberno non ten cartos para pór auga potable corrente, nin sumidoiros nin hospitais, porque o meu país débelle moitos millóns ós países de Europa e a EE UU, ós que está obrigado a pagar e, por iso, quedan sen nada para nós.

**E vós, ¿que poderíades facer para que todos e todas gocemos do dereito á saúde?**

**¿Que podemos facer nós desde aquí para que o dereito Humano universal á saúde se cumpra?**

A screenshot of a Microsoft Internet Explorer browser window. The address bar shows the URL 'http://www.intermon.org/'. The page content includes the 'chatea.com' logo and a text area with a message in Spanish. The browser interface includes a menu bar, toolbar, and status bar at the bottom.

**chatea.com**

Ola, Elayán. Despois de comentar na clase pensamos que poderíamos facer estas cousas:

# ¡Entre todos e todas podemos conseguilo!

## Artigo 25:

**Toda persoa ten dereito a un nivel de vida axeitado que lle asegure, así como á súa familia, a saúde e o benestar, e en especial, a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios.....**



**Relaciona as afirmacións da columna da esquerda cos datos da dereita que os desmenten**

<ol style="list-style-type: none"><li>1. Hai fame porque hai escaseza de alimentos.</li><li>2. Hai fame porque hai escaseza de terras.</li><li>3. A fame é consecuencia da densidade de poboación.</li><li>4. Para solucionar o problema da fame a prioridade ten que ser producir máis alimentos.</li></ol>	<ol style="list-style-type: none"><li>a. Gracias ó desenvolvemento tecnolóxico, conseguiuase producir máis alimentos. Sen embargo, isto marxinou e empobreceu os pequenos agricultores con menos recursos, pois non poden competir coas grandes e modernas explotacións.</li><li>b. Brasil cultivou máis hectáreas por persoa que Estados Unidos e a súa densidade de poboación é inferior. Sen embargo, o 55% da poboación brasileira padece desnutrición.</li><li>c. Só se cultiva o 44% da terra cultivable. En África, só o 33%. A razón é que os grandes terratenentes consideran a terra máis como investimento que como recurso alimenticio.</li><li>d. En México, onde o 80% dos nenos e nenas de zonas rurais padecen desnutrición, os animais destinados á exportación consomen máis gran que toda a poboación.</li></ol>
--	---

## ¿QUE É O MÁIS IMPORTANTE?

**Ordena estas frases, de maior a menor importancia. Son cousas que todo país debería ter**

Estradas	<input type="checkbox"/>
Un mínimo de alimentos para todos	<input type="checkbox"/>
O acceso á escola básica a tódalas nenas e nenos	<input type="checkbox"/>
Un número suficiente de centros de saúde para toda a poboación	<input type="checkbox"/>
Un exército moi ben armado	<input type="checkbox"/>

## ¿VERDADEIRO OU FALSO?

**Pon ó lado de cada frase un V de verdadeiro ou un F de falso**

a) Tódolos nenos e nenas do mundo teñen acceso á saúde, á educación e á alimentación	<input type="checkbox"/>
b) Tódolos nenos e nenas do mundo teñen dereito á saúde, á educación e á alimentación	<input type="checkbox"/>
c) Nos países pobres non tódolos nenos e as nenas van á escola	<input type="checkbox"/>
d) Tódolos nenos e nenas do mundo están vacinados	<input type="checkbox"/>
e) As guerras impiden que haxa suficientes alimentos para todos	<input type="checkbox"/>
f) No mundo hai suficientes alimentos para toda a poboación	<input type="checkbox"/>
g) Nos países pobres moitas persoas non comen porque queren estar delgadas	<input type="checkbox"/>
h) Nos países pobres a falta de médicos aféctalles especialmente a nenos e nenas, a mulleres e a anciáns	<input type="checkbox"/>

## ¿QUE APRENDEMOS NESTE CHATEO?

**Os Dereitos Humanos Universais non se cumpren**

**¿Que podemos facer nós para que se cheguen a cumprir?**